



NDICE

ANEXO XVIII – REFORMA DO ACCESO A O PARQUE	2
1. OBXECTO	2
2. ANTECEDENTES	2
3. SOLUCIÓN	3
4. AFECTADOS CATASTRAIS	5
5. PLANOS	6





ANEXO XVIII – REFORMA DO ACCESO A O PARQUE


1. OBXECTO

O obxectivo deste documento será o de desenvolver as medidas necesarias para a reforma do acceso do parque.

O presente documento faise a requirimento da *Demarcación de Carreteras del Estado en Galicia*, dando resposta a os informes emitidos polo citado organismo durante a fase de audiencia pública tras a aprobación inicial do PIA.

2. ANTECEDENTES

Os terreos da ampliación do parque son limítrofes ca estrada N-547. Esta se conecta a súa vez ca Autovía de recente construción A-54 Lugo-Santiago de Compostela garantindo unha perfecta comunicación co resto de núcleos e de parques empresariais da Comunidade Autónoma.



A conexión do sistema xeral de infraestrutura de comunicacións existente (N-547) co sistema local de infraestruturas proxectado da ampliación do Parque Empresarial realízase a través do viario existente da fase I do Parque Empresarial de Palas de Rei.

Deste modo, dáse cumprimento o establecido no PSOAG: “O acceso á fase III do parque empresarial de Palas de Rei á rede viaria non poderá realizarse directamente desde a estrada N-547 debendo conectarse ó sistema viario interior das fases anteriores do citado parque empresarial.”

Durante ou período de audiencia e tras a aprobación inicial do instrumento de ordenación territorial do PIA ou organismo competente en materia de Rede de Estradas do Estado, informa desfavorablemente en referente a súa afección á, polos seguintes motivos:



- Implicar unha alteración no nivel de servizo e de seguridade das estradas estatais afectadas que será necesario avaliar mediante un Estudo de Tráfico e Capacidade, dado que o estudo de mobilidade que forma parte da documentación non realiza devandita análise.

- Necesaria reordenación de accesos debe ser considerada como medidas de acondicionamento necesarias para manter inalterado o nivel de servizo e seguridade viaria.

A tal efecto incorporase "ESTUDIO DE TRÁFICO Proyecto de Interés Autonómico de la ampliación del Parque Empresarial de Palas de Rei, Fase III (Lugo)" como anexo del PIA e foi redactado por:



Antea Group Iberolatam S.L.U

C.I.F.

Técnico redactor D. Roberto Nuñez de Arenas Basteiro / Ingeniero de Caminos, Canales y Puertos
Colegiado nº 16.760

Domicilio Gta. de América, 5, 15004 A Coruña, La CoruñaA

A súa vez , tamén se incorpora a o PIA :

ESTUDIO ACÚSTICO Ampliación del Parque Empresarial de Palas de Rei. FASE III (LUGO)



CENTRO DE ESTUDIO Y CONTROL DEL RUIDO S.L

C.I.F.

B-47555958


Técnico redactor D. Alberto Hernández Martín / Ingeniero Industrial

3. SOLUCIÓN

O citado estudo analiza, mediante a toma de datos de campo, o aforo real existente de vehículos na actualidade na estrada nacional N-547 na intersección co parque empresarial e dentro do propio parque. Analizados devanditos datos e coa estimación de tráfico para o parque empresarial unha vez levada a cabo a ampliación, conclúe que non existen cambios nos niveis de servizo do parque empresarial, nin nos da N-547, que dispoñerá do nivel de servizo B.

Neste Estudo propóñense unhas melloras no acceso que consisten, principalmente, na execución de cuñas de cambio de velocidade coa maior dimensión posible de maneira que non afecten a outros accesos existentes, así como ao Camiño de Santiago que discorre por este tramo da N-547.






Imaxe coa solución adoptada (Fonte plano: 27040_PIA_202307_AP_PORD_01USOS_URB)

En consecuencia, o 11/07/2023 a Demarcación de Estradas do Estado en Galicia, informa favorablemente o Proxecto de interese autonómico para a ampliación do parque empresarial de Palas de Rei (Fase III) Lugo, ao quedar verificado no Estudo de Tráfico, no que respecta a a N-547, que o sistema xeral ten a capacidade suficiente e necesaria para absorber os incrementos que poida xerar o desenvolvemento proposto, mellorando o acceso existente.

Incorpóranse as solucións propostas no estudo de tráfico ao PIA, quedando reflectida a reforma necesaria para o acceso ao parque no plano 27040_PIA_202307_AP_PORD_01USOS_URB.

É importante mencionar que o informe sectorial ao PIA ten efectos similares aos dunha consulta previa de viabilidade das contempladas no artigo 104.9 do Regulamento de Estradas, segundo establécese na Nota de Servizo 3/2016 Instrucións para a elaboración de informes preceptivos e vinculantes a instrumentos de plan urbanístico ou ordenación territorial que afecten as estradas do Estado . Por este motivo, a súa inclusión no plan non supón a autorización, xa que a posterior tramitación e autorización, se procede, resulta ineludible e independente, incluso contando con este informe sectorial



Imaxe cos novos afectados catastrais con motivo da reforma do acceso ao parque

A nova superficie afectada pola reforma do acceso a o parque empresarial é de 252,97 m², tal e como se pon de manifesto na seguinte táboa:



Nº PARCELA	SUP. TOTAL	REFERENCIA CATASTRAL	% SUP. AFECTADA	SUP. AFECTADA
00013	610,00	27040A00100013	1,68	10,26
04	759,00	1775404NH9417N	7,38	56,04
02	507,00	1875602NH9417N	2,57	13,04
03	1.429,00	1875603NH9417N	4,51	64,47
02	1.871,00	1775402NH9417N	5,83	109,16

TOTAL: 252,97 m²

Conclúese que a reforma do acceso está informada favorablemente pero non está autorizada. Para poder ser autorizada deberá presentarse un proxecto independente ante o Ministerio.

Considérase que o informe favorable vén confirmar que a conexión ao sistema xeral viario da Fase III do parque empresarial pódese facer desde o actual acceso ao parque ao considerar que a estrada N-547 ten capacidade suficiente para absorber o novo volume de tráfico que se vai a xerar, aínda que, a reforma do acceso deberá ser levada a cabo en proxecto independente no que se determinasen os terreos afectados e as condicións construtivas da súa execución.

4. AFECTADOS CATASTRAIS

Á relación das persoas titulares catastrais dos terreos afectados polo ámbito da reforma do acceso a N-547 está formado por un total de 5 parcelas catastrais e sería a seguinte: .

REFERENCIA CATASTRAL	POLIGONO	PARCELA	TITULARES	SUPERFICIE	AFECCIÓN	SUPERFICIE AFECTADA
1775404NH9417N	17754	4	AYUNTAMIENTO DE PALAS REI	759,00	Parcial	56,04
1875603NH9417N	18756	3	VAZQUEZ GARCIA ROSA MARIA VAZQUEZ GARCIA MARIA DEL ROSARIO	1.429,00	Parcial	64,47
1775402NH9417N	17754	2	VIZCAINO PAZOS EUTIQUIO	1.871,00	Parcial	109,16
27040A00100013	1	13	PEREIRO OROZCO MANUEL	610,00	Parcial	10,26
1875602NH9417N	18756	2	QUINTAS OURO MARIA JESUS	507,00	Parcial	13,04
			TOTAL	4.566,00		252,97

Táboa relación de parcelario catastral e titulares catastrais do ámbito da afección da estrada N-547

Sinalar a modo de aclaración, que a discrepancia de superficie entre a superficie catastral afectada e a superficie do ámbito do PIA se produce por erros de salto de superposición na cartografía oficial do Catastro.

O parcelario obtívose da Sede Electrónica del Catastro OVC (<https://www1.sedecatastro.gob.es/>).



5. PLANOS

Incorporase ao presente anexo os seguintes planos:

Código de plano	Nome do plano
27040_PIA_202312_AD_PORD_01USOS_URB	Proposta de urbanización
27040_PIA_202312_AD_PINFS_02CATASTRO	Catastral

Lugo, Decembro de 2023
O ENXEÑEIRO DE CAMIÑOS,
CANAIS E PORTOS

Asdo.: Antonio López López
Colexiado nº 17.286

